



Árbore
Commemorativa

Oliveira do Sexto Centenario:
Árbore plantada con motivo da
celebración do Día da Árbore no
ano 2000 para conmemorar o
sexto centenario do Convento de
Herbón.



OLIVEIRA "Oliveira do Sexto Centenario e Oliveira do Milenio"

Olea europaea

SABÍAS QUE...? Ademáis das monumentais Oliveira do Milenio e Oliveira do Sexto Centenario situadas no Xardín, no cemiterio de Adina de Iria Flavia atópase un conxunto de catro oliveiras centenarias que recolle o Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.

É unha especie de árbore pertencente á familia Oleaceae. As poboacións naturais a oliveira ocupan o S de Europa, SO de Asia, N de África e illas da Macaronesia. Co seu extenso cultivo desde antigo fai moi difícil recoñecer a área natural.

Nome común: Acebuche, Olivo (cast.); Oliveira, Acebuche (gal.); Olive tree (ing.).

Etimoloxía:

- Olea: nome romano da oliveira e as olivas
- europaea: nome que usou o naturalista sueco Linneo para a especie, aínda que non só se dá en Europa

Descrición da especie: Pequena árbore perenne cuxo porte non excede os 8-10 m. O tronco é curto e non moi recto, ancho na base e con entrenós, ocos e aspecto retorto nos exemplares de anos. As súas ramas a miúdo acaban en punta afiada, algo do que carecen as variedades cultivadas, que son as oliveiras. Ramiñas novos esbrancuxadas e frecuentemente acabadas en espiña nos exemplares silvestres. Follas simples, opostas, oblongo-lanceoladas e curtamente pecioladas, coriáceas, de cor verde escuro e brillantes polo feixe, e esbrancuxadas polo envés. As flores son polígamas, estreladas, moi pequenas e olorosas. Saen na primavera, con 4 pétalos esbrancuxados. O froito é unha drupa (oliva), de 3,5 cm primeiro verde, despois negra e violeta, de carne oleosa, en maio-xuño.

